

PROGRAMACIÓN

NEGREIRA

2026

REDE GALEGA
DE TEATROS E AUDITORIOS



Auditorio Afonso Eanes do Cotón



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



CONCELLO DE
NEGREIRA



cultura
CONCELLO DE NEGREIRA



Entradas en:
woutick!es



PROGRAMACIÓN Artes Escénicas 2026

Público Adulto
Todo los Públicos

AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

TEATRO - Contemporaneo

24 XAN
Sábado

RECONVERSIÓN
Ibuprofeno Teatro

20:00 h **5€**

TEATRO - Comedia

27 FEB
Venres

O PROCESO
Malasombra Produccións

21:00 h **5€**

TEATRO - Drama/Crítica

13 MAR
Venres

BROKEBACK SABUCEDO
Sal do Teatro

21:00 h **5€**

TEATRO - Comedia

27 MAR
Venres

OS DOUS DE SEMPRE. O REGRESO
Mofa e Befa

21:00 h **5€**

TEATRO - Novo Circo

18 ABR
Sábado

GRAN GALA DE CIRCO
Pistacatro Productora de Soños.S.L

19:00 h **5€**

TEATRO - Contemporaneo

24 ABR
Venres

AMALIA Y EL RIO: HISTORIA DE UNA ESTRAPERLISTA
Teatro Guirigai S.L. Badajoz

21:00 h **5€**

TICKET

Venda anticipada en www.woutick.es
ou na Delegación de Cultura de luns a venres



AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

20:00 h

Reconversión

Ibuprofeno Teatro

DURACIÓN: 105 min

CLASIFICACIÓN: Contemporaneo

24
XAN
sábado



Público Adulto
Más de 14 anos

RECONVERSIÓN é un espectáculo de gran formato para público adulto, con oito actores-músicos que forman unha charanga e interpretan a banda sonora en directo.

Entre o íntimo e o político, o proxecto, escrito e dirixido por Santiago Cortegoso, é un exercicio de memoria histórica arredor da reconversión no sector naval na Ría de Vigo. A obra céntrase na peripecia vital do pai do autor, un home que traballou no estaleiro Ascón durante 30 anos. Esta figura sintetiza as vivencias de toda unha xeración, que sufriu o paro polo peche da factoría en 1984 e viviu as mobilizacións históricas que tiveron lugar nos anos 70 e 80.

RECONVERSIÓN é unha viaxe desde a posguerra ata o "Felipismo" dos 80, pasando polo auxe da industria siderúrxica e a evolución desde un estilo de vida rural a unha sociedade capitalista.

Dirección - Santiago Cortegoso

Artur Abad: Percusiones, Coro, Soplete, Outros

Cristina Collazo: Trompa, Coro, Abuela, Outras

Santiago Cortegoso: Percusiones, Coro, El hijo

César Goldi: Percusiones, Coro, Franco, Naranjito, Outros

Celia González / Graciela Carlos: Clarinete, Coro, La madre, Outras

Davide González: Saxofón, Coro, Felipe González, Outros

Fran Lareu: Trompeta, Coro, El padre, Outros

Nani Matos: Tuba, Coro, Boyer, Outros

AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN **21:00 h**

O Proceso

Malasombra Produccións

DURACIÓN: 75 min

CLASIFICACIÓN: Comedia

27
Feb
Venres



Público Adulto
Máis de 14 anos

En 1880, o bispo de Ourense denuncia a Curros Enríquez por uns poemas do seu libro Aires da miña terra, un dos piares do Rexurdimento galego. A pesar da opinión contraria do fiscal, un xuíz dá curso á denuncia e o célebre escritor é procesado e condenado. A partir destes feitos históricos, Cándido Pazó constrúe unha peza teatral que, en ton de sainete cómico protagonizado por unha galería de personaxes populares do Ourense de finais do XIX, aborda con frescura e desenfado, pero con rigor e reflexión, a cuestión do hoxe en día chamado lawfare, así como outros temas (a lingua, a cultura, a identidade...) que seguen vixentes na actualidade.

Cándido Pazó escribiu e dirixe esta proposta que conta con Jouse García, Marcos Orsi, Paula Pier e Xoque Carbajal sobre o escenario a darlle vida a once personaxes diferentes.

A peza partiu da publicación do Consello da Cultura Galega e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense O proceso penal a Manuel Curros Enríquez (1880 - 1881), que recolle as actas oficiais do proceso canda a un prólogo e un estudo. O pasado mes de setembro, Celanova acollera tamén a estrea de O Rexurdimento do Divino Sainete da compañía LaGriot'te, que tamén trataba o xuízo a Curros.

Autor y director: Cándido Pazó

Elenco: Jouse García, Marcos Orsi, Paula Pier y Xoque Carbajal

AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

21:00 h

Brokeback Sabucedo

(Paixón entre bestas)

Sal do Teatro

DURACIÓN: 65 min

CLASIFICACIÓN: Drama / Crítica

13
MAR
Venres



Público Adulto

SAL DO TEATRO presenta un espectáculo de temática LGTBIQ+ no ámbito rural de Galicia, concretamente na celebración da Rapa das Bestas de Sabucedo.

Roi e Rafa son dous antigos amigos da infancia que se atopan na Rapa das Bestas en Sabucedo logo de moitos anos, Roi marchou a vivir a Madrid e Rafa segue a vivir na vila. De pequenos eran moi amigos pero foron distanciándose polas circunstancias da vida. No seu encontro en Sabucedo comezan a aflorar outro tipo de sentimentos que estaban ocultos, e dunha amizade comeza a xurdir unha paixón.

Brokeback Sabucedo é un canto á diversidade, unha homenaxe a tradición galega e unha crítica á enerxía eólica.

AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN 21:00 h

Os Dous de Sempre. O Regreso

Mofa e Befa

Produccións Teatrais Excéntricas

DURACIÓN: 90 min

CLASIFICACIÓN: Comedia

27
MAR
Venres



Público Adulto
Máis de 13 anos

Moita xente, cando escoita a expresión “**Os Dous de Sempre**”, no primeiro que pensa é en Mofa e Befa. E a Castelao non lle parece mal. O duo cómico fundado hai trinta anos por Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira son parte do fecundo río do humor galego que ten a súa fonte nos bufón e no escaño medievais, e ao que tamén pertence o humor de Castelao. Mofa e Befa pertencen á estirpe dos pallasos de circo, dos artistas do cinema mudo, dos canallas do cabaret. Agora decídense a encarnar dúas persoaxes de papel, concebidos por un humorista gráfico: Os Dous de Sempre.

Pedriño e Rañolas son contradictorios, extremos, antagónicos, polarizados...mais amigos. Un é o ariscado soñador (unha forma do idealismo) e o outro é un pancista pusilánime (unha forma do materialismo). Esta oposición entre corpo e alma, entre estómago e corazón aparece en outras parellas famosas, como Quixote e Sancho Panza, en Jacques o Fatalista e o seu patrón ou Don Celidonio e o Doutor Alveiros, de Risco. Pedriño e Rañolas entran neste selecto clube, unidos a unha mancha de pallasos anónimos, artistas populares que correron as festas e romarias e que Castelao admirou con compasivo humor. Os pallasos son criaturas feitas de mesturar un tolo e un neno. Para facer un bufón fai falta, ademais, un animal, o animal que todos levamos dentro. Nenos, Tolos e Animais componen o rico universo humorístico de Castelao, o seu retábulo da risa absoluta, da comedia humana do pobo galego. Mofa e Befa vai meter todo este universo humorístico nas figuras de Pedriño e Rañolas. Os Dous de Sempre son como irmáns siameses, un corpo que se escinde polo bisturi do doutor Castelao, e que andan os dous polo mundo, incompletos, tentando reencontrarse e conformar de novo un corpo único, harmónico, no que unha parte rouba mazás, e outra, cómeas.

Autor: Quico Cadaval e Carme Varela (versión libre de Os Dous de Sempre de Castelao e da súa produción de humor gráfico)

AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

19:00 h

Gran Gala De Circo

Pistacatro Productora de Soños

DURACIÓN: 80 min

CLASIFICACIÓN: Novo Circo

18
ABR
Sábado



Todo los Públicos

Mellor Compañía de Circo de España no ano 2025

A fórmula do Cabaré colectivo sempre foi unha das especialidades de PistaCatro. O potencial creativo individual dos compoñentes do grupo fai que a suma dos mellores números e sketches de cada un dos artistas dean un conxunto de luxo.

Os Cabarés de PistaCatro inscríbense na mellor tradición dos espectáculos de variedades, tanto dos circos coma do music-hall, onde se poden mesturar os números de malabares, a canción, os sketches de humor, os monólogos, as acrobacias e os pasos de claqué. Ofrécese así ó público un espectáculo multidisciplinar e variado a cargo dun determinado número de artistas que dan o mellor de si mesmos en pequenas pezas de cinco ou dez minutos. Todo isto conducido por un mestre de cerimonia, que se encargará de fomentar a participación do público, de aportar o ton cómico e de administrar as pequenas doses de arte concentrado.

AUDITORIO AFONSO EANES DO COTÓN

21:00 h

Amalia Y El Rio

Historia De Una Estraperlista

Teatro Guirigai

DURACIÓN: 75 min

CLASIFICACIÓN: Contemporaneo

24
ABR
Sábado



Público Adulto
Más de 14 anos

Basada en feitos reais

Amalia, nada en Olivenza, tivo que emigrar a Barcelona a finais dos anos 50; pero a nosa historia comenza antes, nos duros anos da posguerra, facendo estraperlo entre Portugal e Badaxoz, na Raia, cruzando o Guadiana cargada de café, pan,..., o que podía.

Loitando por sacalos seus fillos adiante, defendendo o seu dereito ao traballo nunha sociedade profundamente machista, cunha coraxe e gañas de vivir admirables.

Este é un espectáculo sobre a memoria democrática de España dende unha perspectiva de xénero. Un retazo vivo das historias do contrabando, protagonizado por unha muller forte, intelixente, socarrosa e astuta que pelexou por manter a súa dignidade e o seu dereito de traballo nun mundo moi machista.

Pese as penalidades, esta estraperlista extremeña cruza o Guadiana cargada de café, azúcar, tabaco... nos anos da posguerra, cun coraxe e gañas de vivir admirables que transmiten ao público un chute de enerxía e gañas de seguir loitando.

No escaerío dous personaxes: Amalia que transita o presente e o pasado revivindo a súa vida é o Home de Pedra, que xurde dos recordos da protagonista, e que representa o poder patriarcal, a masculinidade. Crea atmósferas, susurra, canturrea, dialoga con Amalia.

Un espectáculo que cosechou excelentes críticas.



NORMAS E INSTRUCCIÓN

VENDA DE ENTRADAS

Venda anticipada en www.woutick.es ou na Delegación de Cultura de luns a venres.

No Centro Sociocultural o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (de haber entradas disponibles).

Coa finalidade de facilitar a asistencia aos espectáculos e potenciar a participación establécese un prezo reducido do 30% do custo ordinario da entrada de teatro adulto a persoas pensionistas, mozos e mozas co carné Xove. Custo final co desconto 3,5€ (*no control de accesos do Auditorio poderá solicitarse a documentación acreditativa para comprobar a condición do desconto*).

A venda de entradas pechará con estrita puntualidade cinco minutos antes da hora prevista de comezo do espectáculo. Unha vez comezado o espectáculo ninguén poderá acceder á sala.

Non se admiten cambios ni devolucións.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E ACCESO AO RECINTO

Solicítase a máxima colaboración para anticipar a hora de chegada e así evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.

As portas de acceso abriranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.

TODO o público deberá contar con entrada, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder a o recinto ninguén sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme a o aforo dos recintos. A capacidade é única e compútase por persoas, non por butacas ocupadas.

A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das idades recomendadas para determinados espectáculos, e solicítase que na medida do posible se respecte esta recomendación de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.

Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras; tampoco poderán, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita do organizador; en todo caso, actuarase conforme os acordos e a lexislación vixente que corresponda.

Para máis información consultar na páxina web do concello de Negreira www.concellodenegreira.gal o na Delegación de Cultura no teléfono **676 454 879** ou no correo electrónico **marcos.perez@concellodenegreira.es**



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



CONCELLO DE
NEGREIRA



cultura
CONCELLO DE NEGREIRA



Entradas en:
woutick!es